

Convocatoria de prensa

O Consejo General de la Psicología de España pon en marcha unha campaña de sensibilización sobre a atención á saúde mental

Os números dos colexiados e colexiadas estarán no centro da conversación, como instrumento para concienciar contra as cifras máis preocupantes da saúde mental no noso país.

- Baixo o título **“Tenemos que hablar de esto”**, o Consejo General de la Psicología desenvolveu unha campaña creativa, editorial e audiovisual para traer ao fronte a necesidade de atender a saúde mental e de garantir a atención psicolóxica.

Madrid, 08 de maio de 2023.- En España morre por suicidio unha persoa cada dúas horas, outras 200 inténtano cada día e faleceron por esta causa máis de 4.000 no ano 2022.

Alén, o 30% de españois maiores de idade tivo ansiedade no último mes, o 25% síntomas de depresión e 1 de cada 8 persoas presenta un trastorno da conduta alimentaria diagnosticado. Sabemos, igualmente, que até o 60% das ausencias ao traballo que se producen cada ano están ocasionadas por situacións de estrés e que o acoso escolar causa problemas psicolóxicos no 90% das crianzas que o sofren. Estes son só algúns números...

Sendo as cifras relacionadas cos **problemas de saúde mental tan preocupantes, o Consejo General de la Psicología non se explica por que estes números non ocupan a primeira páxina nos principais medios de comunicación do país nin nas axendas políticas dos nosos gobernantes.**

O Consejo General de la Psicología, órgano encargado de velar pola protección dos usuarios dos servizos de psicoloxía e do bo exercicio profesional das psicólogas e psicólogos, laméntase polo feito de que, a pesar de que as administracións e os lexisladores échense a boca falando de saúde psicolóxica, este aparente interese non se estea materializando e teña un reflexo no ámbito normativo e orzamentario e que, en España, haxa que agardar ata 6 meses para ser atendido por un profesional da psicoloxía na sanidade pública ou non haxa psicólogas e psicólogos nos centros educativos.

Coa iniciativa **“Tenemos que hablar de esto”**, o Consejo General de la Psicología propónse chamar a atención e conciencias sobre a necesidade de que se ofrezan recursos para atender estes problemas con urxencia e de que se garanta que usuarios e usuarias son atendidas por **profesionais cualificados, con competencias e que lles ofrezan garantías.**

Ao longo de 2023, esta organización lanzará, polo tanto, diferentes accións de comunicación nesa liña e converterá en protagonistas a eses “outros” números que son os que máis e mellor

poden axudar cando teñamos que afrontar os números sobre saúde mental: os dos profesionais titulados e colexiados.

O próximo mércores, 10 de maio, presentará o suplemento “Tenemos que hablar de esto” e ao día seguinte, xoves 11, na madrileña praza de Pedro Zerolo, repartirase gratuitamente nun quiosco de prensa moi especial deseñado para a ocasión. Quen queiran achegarse e coñecer máis sobre esa campaña de sensibilización terán un espazo para preguntar e resolver algunhas das súas dúbidas sobre a saúde mental e a atención psicolóxica. Estarán presentes diferentes responsables do COP, **Francisco Santolaya, presidente, e Rosa Ramos, vicesecretaria e coordinadora da Comisión do Exercicio Privado, de Defensa da Profesión e contra o Intrusismo**, entre outros, que, ademais, terán dispoñibilidade para entrevistas cos medios.

“**Tenemos que hablar de esto**” é unha iniciativa que quere chamar, alén, á reflexión sobre a falta de recursos públicos para a atención en saúde mental no noso país, xa que España conta só con 5 psicólogos por cada 100.000 habitantes, fronte aos 18 de media na Unión Europea ou os 26 nos países da OCDE; non dispón de psicólogas e psicólogos en escolas e institutos e apenas ten profesionais para garantir a atención e intervención psicolóxica nos Servizos Sociais.

A combinación desta falta de recursos, o abuso dos tratamentos farmacolóxicos, a ausencia dunha lei de publicidade sanitaria que regule o sector e o incremento da demanda de atención psicolóxica, particularmente, nestes dous anos, fixeron que proliferen ofertas de atención e desenvolvemento persoal que prometen axudar con receitas máxicas, pseudoterapias ou solucións sinxelas a quen precisan atención psicolóxica ou, sinxelamente, queren atoparse mellor.

Estas ofertas **entrañan un risco grave para a saúde, posto que se trata de servizos realizados por persoas que non contan con titulación, garantías nin coñecementos para realizar intervencións relacionadas co benestar e a saúde psicolóxica**, e que son, principalmente, “axudólogos” que, baixo distintas etiquetas, ofrecen os seus servizos sen ter as competencias esixidas polas autoridades sanitarias para atender estes problemas e situacións.

Neste sentido, e para completar a campaña “**Tenemos que hablar de esto**”, entre xuño e decembro, o Consejo General de la Psicología publicará diferentes contidos audiovisuais na súa páxina web, en YouTube e no resto das súas redes sociais. Serán conversacións abertas que abordarán temas de interese como **o benestar no traballo, os trastornos alimentarios, a ansiedade, a depresión ou o benestar educativo**. Cinco capítulos conducidos polo expresentador de Caiga Quien Caiga, **Javi Martín**, que, afectado por un trastorno bipolar, converteuse nun dos rostros máis populares que avogan abertamente polo coidado da saúde mental.

Martín sentarase con diferentes profesionais da psicoloxía, especialistas en cada un destes campos, e con diferentes rostros coñecidos que serán desvelados nas próximas semanas e que pasaron e continúan pasando pola consulta do psicólogo e falan sen disimulo da importancia dun coidado da saúde psicolóxica de calidade, con garantías e seguro.

Os diferentes materiais da campaña serán distribuídos a través da web do Consejo General de la Psicología a partir do próximo día 10 de maio: www.cop.es/tenemosquehablardeesto. Podes atopar máis información no Facebook, Twitter e Instagram do Consejo General de la Psicología.

***Punto de encontro con todos aqueles medios que queiran formar parte do evento:
Xoves 11 de maio na praza Pedro Zerolo de Madrid, entre as 12:00 e as 18:00 horas.

Prégase confirmación para poder organizar as diferentes entrevistas ou gravacións sobre o espazo.

Máis información:

Toni Domínguez

91 444 90 20

comunicacionCOP@cop.es

Laura Veiga

699 909 574

copgalicia@copgalicia.gal